

Memoria xustificativa da addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio para a humanización da estrada autonómica PO-308 o seu paso polo Concello de Poio. 1ª fase.

1.- Antecedentes.

O 28/01/2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio para o acondicionamento do treito inicial da estrada autonómica PO-308 entre a Ponte da Barca e o punto quilométrico 0+480.

O orzamento necesario para a execución das obras estímase nun millón setecentos trinta e catro mil novecentos trinta euros con trinta e dous céntimos (1.734.930,32 €) IVE incluído, asumido polas dúas administracións.

De conformidade coa cláusula terceira o Concello de Poio comprometeuse a achegar o 30% do total do importe estimado das obras, 520.479,10 €, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	156.143,73
2026	364.335,37

A Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse na cláusula cuarta a financiar o 70% da actuación, ata un máximo de 1.214.451,22 con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	364.335,36
2026	850.115,86



2.- Razóns de necesidade e oportunidade

Con data 14/10/2025 o Concello de Poio solicita unha addenda ao citado convenio para modificar as cláusulas referentes ao investimento que cada unha das administracións debe de soportar en cada anualidade, en función da porcentaxe establecida.

Basea a súa solicitude en que o tramo das actuacións principais das obras recollidas no convenio descorren no tramo inicial da Ponte da Barca cunha elevada IMD que motivou, coa finalidade de garantir a seguridade viaria, a paralización das obras nos meses de xullo, agosto e ata o 12 de setembro, data na que se retomaron.

Por esta razón solicitan reaxustar as obrigas presupostarías para a anualidade en curso, modificando as cláusulas terceira e cuarta, de conformidade co ritmo de execución das obras e as previsión ata fin de ano. E propoñen a seguinte distribución:

Anualidade	Axencia Galega de Infraestruturas. Importe € .	Concello de Poio. Importe €
2025	146,151,72	62.636,45
2026	1.068.299,50	457.842,65

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, a humanización da primeira fase da estrada autonómica PO-308 o seu paso polo Concello de Poio, se poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción das cláusulas terceira e cuarta. Con estas modificacións o importe das obras redúcese en 2025 e incrementábase proporcionalmente en 2026 mantendo a redacción orixinal do convenio no resto das súas cláusulas.

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias

